

## **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O LABORATORIO LUNDBECK ESPAÑA, SA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA SAÚDE MENTAL.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade Lundbeck España, SA o instrumento convencional arriba referido, o cal producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa firma (4 de xullo) ata o 31 de decembro deste ano.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes, para levar a cabo accións de promoción da saúde mental e formación orientadas á mellora da atención sanitaria, ao empoderamento do/a paciente e ao incremento do coñecemento nesta materia, a través da promoción da investigación, a formación, a innovación ou a realización de estudos e intercambio de coñecemento científico e técnico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Neste sentido, unha das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos/as pacientes e cidadáns/ás e no bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica das persoas profesionais sanitarias ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos/ás pacientes.

Así mesmo, un dos obxectivos de innovación e busca de Lundbeck España, SA é traballar para mellorar a calidade de vida dos/as pacientes que sofren enfermidades mentais. Neste sentido, a súa vontade é ofrecer produtos e servizos que axuden a mellorar a súa calidade de vida, á sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial.

Que Lundbeck España, SA quere aliñarse cos obxectivos do Servizo Galego de Saúde expresados anteriormente, e implicarse como axente colaborador, en relación á mellora e desenvolvemento de actividades de promoción da saúde mental, de interese compartido por ambas as dúas institucións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

